

PRESENTACIÓN

As organizacións empresariais de todo tipo sofren os embates dos fenómenos principais que caracterizan o inicio do século XXI. Entre eles, a globalización, o desenvolvemento tecnolóxico, as influencias das tecnoloxías da información, o aumento do nivel educativo, os cambios nas estruturas familiares e as novas técnicas e procesos productivos.

Todas estas circunstancias provocan que os directivos teñan que buscar cada vez máis que as súas empresas sexan competitivas nunha nova orde económica, política e social. Pero a forma de dirixir xa non pode se-la mesma cá que predominaba hai un século, onde a xerarquía, a burocracia e o mecanicismo imperaban ás súas anchas. Pola contra, hoxe cómpre lograr que as persoas se desenvolvan a través do seu traballo e que acheguen toda a súa potencialidade. As empresas punteiras, como Mondragón Corporación Cooperativa, buscan persoas con capacidade de autoxestionarse, polivalentes, intelixentes, solidarias, emprendedoras, capaces, implicadas, comprometidas, responsables e con espírito crítico, positivo, constructivo e libre.

A globalización é o motor da actividade empresarial pero, como tódolos factores antes mencionados, inflúe na forma de realiza-los traballos e de dirixi-las empresas, ademais de te-las súas luces e sombras. Lembrémo-las palabras do insigne mestre Dr. Andrés Santiago Suárez Suárez na súa investidura como doutor *honoris causa* pola Universidade de Santiago de Compostela: *“El fenómeno de la globalización es reducido con frecuencia a su dimensión comercial. Pero lo verdaderamente nuevo no es tanto la intensificación de los intercambios comerciales y su generalización a un mayor número de países como el incremento de la movilidad internacional de los factores productivos, y no sólo del capital sino también del trabajo. El impacto sobre el mercado de trabajo es demoledor. En los países industrializados la inmigración debilita el poder de negociación de los asalariados sobre sus patronos. La deslocalización (esto es, el desmantelamiento de las fábricas y su relocalización en países en los que las condiciones del mercado de trabajo son más favorables para los empresarios) aumenta el paro; la simple amenaza de deslocalización es suficiente para forzar una reducción de los salarios o la degradación de sus condiciones de empleo. La globalización obliga a competir, directa o indirectamente, a los asalariados del mundo entero y provoca un alineamiento a la baja de las condiciones de trabajo”*.

Indubidablemente, isto obriga ás empresas a realiza-las súas actividades doutra maneira. O ordeno e mando está en desuso na sociedade do coñecemento e da información. As novas estruturas empresariais desconcertan. Son horizontais, fluídas, de traballo en equipo. Fan desaparece-lo xefe, a descrición perfecta do posto de traballo, os organigramas, os sagrados procedementos, hábitos e regras e así sucesivamente. A estrutura descansa a partir de agora na responsabilidade, no coñecemento, no compromiso; parámetros dinámicos, interdependentes e invisibles.

O problema é que non temos unha grande experiencia deseñando con estes novos elementos. Non posuímos perspectivas históricas. Fáltannos mapas de estradas para transitar por estas novas vías. Aumentan a incerteza e a posibilidade de errar. Pero son o futuro.

Con esta situación de fondo, o consello de redacción da *Revista Galega de Economía* acordou a elaboración dun número monográfico que ofrecera a visión máis completa e integradora da situación empresarial de Galicia, intentando ofrece-las pistas

das tendencias e das necesidades que as empresas da nosa Comunidade deben abordar perentoriamente nos próximos anos. Baixo o lema "A empresa galega ante o século XXI" intenta complementa-lo desenvolvemento do monográfico do pasado ano relativo a "A economía galega ante o século XXI", e posuír, finalmente, un conxunto representativo no nivel macro- e microeconómico do noso sistema económico.

Consideramos especialmente importante o feito de afondar nunha análise empresarial a escala rexional, xa que as disparidades entre os estados membros da Unión Europea agochan, en moitas ocasións, diverxencias aínda máis notables no ámbito interno. Neste sentido, as disparidades entre rexións da Unión diminuíron na última década menos cás nacionais, en parte polo aumento de diverxencias dentro de varios dos estados membros. O mercado único é tanto unha ameaza como unha oportunidade. A primeira prodúcese cando a pertenza a un mesmo sistema económico e a unha área común de influencia provoca non unha homoxeneización das condicións de vida e de traballo senón unha separación crecente con respecto á media comunitaria.

Como recolle atinadamente a Comisión Europea no seu segundo informe sobre a cohesión económica e social, a menor actividade empresarial é a consecuencia do déficit estrutural dunha rexión en moitos outros campos: menores niveis de educación e formación, menor actividade de investigación, desenvolvemento e innovación, e introducción máis lenta das novas tecnoloxías da información e da comunicación. Afondar deste xeito nas principais magnitudes e actividades sectoriais de Galicia permitiranos descubri-las carencias que poden atranca-las perspectivas de desenvolvemento no longo prazo das empresas do noso contorno.

O estudio da xestión empresarial presenta unha dificultade engadida que consiste na necesidade de obter información primaria para verifica-las súas hipóteses de traballo. Debemos agradecerlles, polo tanto, ós prestixiosos investigadores das tres universidades galegas que participan neste número o grande esforzo persoal e de análise que deberon realizar para comparti-las súas evidencias cos lectores desta revista.

JOSÉ A. DÍEZ DE CASTRO

Departamento de Organización de Empresas e Comercialización
Facultade de Administración e Dirección de Empresas de Lugo
Universidade de Santiago de Compostela

JUAN PIÑEIRO CHOUSA

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

MARÍA ROSARIO BABÍO ARCAJ

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela